

**Central de balances
Informe anual económico-financiero da empresa galega
2003**

COMUNICADO

Dos agregados contables de 24.776 sociedades non financeiras con sede en Galicia dedúcese un incremento en produtividade

A fonte orixinaria da información contable destas empresas é o Rexistro Mercantil e a data de referencia o ano 2003. As táboas e os resultados preséntanse con detalle por tamaño das empresas, sector de actividade e concello. O informe inclúe tamén un resumo dos estados contables depositados nos rexistros de Galicia desde 1999.

As 24.776 empresas analizadas declaran 341.693 ocupados e unha produción agregada valorada en 51.369 millóns de euros

As 24.776 sociedades da mostra suman 341.693 ocupados e uns ingresos de explotación de 51.369 millóns de euros. O agregado de consumos intermedios, que inclúe para cada empresa os gastos en materias primas vencellados ó seu ciclo de explotación, acada os 40.490 millóns de euros. O valor engadido, saldo entrámbalas dúas magnitudes, é de 10.879 millóns. No reparto do valor engadido entre o resto dos factores e axentes que interveñen na actividade empresarial, os gastos de persoal representan o 65%.

O valor engadido bruto por ocupado foi de 31.840 euros, un 6% superior ó contabilizado no ano anterior

Este indicador de produtividade segue un comportamento máis positivo nos sectores industrial e primario, ó rexistraren incrementos interanuais do 9%. A evolución desde 1999 da produtividade amosa unha industria que mantén á súa vantaxe comparativa, un sector de servizos en liña ascendente pero que non parece gañar posicións en termos relativos, e unha certa tendencia de aproximación á media global do sector primario e da construción.

O coeficiente de autofinanciamento acada o 42% no colectivo total de empresas

O autofinanciamento, medido como proporción de recursos propios sobre o total do balance, acada o 42% para o global das empresas. Por riba quedan as PEMES (44%) e as empresas de servizos (48%). Dentro dos fondos alleos utilizados polas empresas, o peso da débeda a curto prazo móvese entre o 77% que se rexistra nas empresas grandes e o 63% das máis pequenas.

A construción, o comercio e a fabricación de vehículos son as actividades que ocupan as primeiras posicións na clasificación de sectores por valor engadido

A construción e o comercio son as actividades máis numerosas en empresas e ocupados. Na clasificación por valor engadido a industria do automóbil ocupa a terceira posición, por detrás da construción e do comercio por xunto, pero superando ó comercio polo miúdo.

Na clasificación de ramas por indicador de produtividade destacan a extracción de carbón e a produción e distribución de electricidade e gas

A produtividade é moi diferente por rama de actividade. Ordenadas de maior a menor en función deste indicador, nas dez primeiras posicións da lista figuran oito actividades industriais e só dous de servizos: os relacionados coa promoción inmobiliaria e as telecomunicacións.

As comarcas creadas en torno ós sete maiores núcleos urbanos de Galicia aportan o 63% das empresas da mostra, o 72% dos ocupados e o 76% do valor engadido

Agrupando as sociedades mercantís por sede social e ordenando as comarcas segundo valor engadido resulta que nas dez primeiras posicións figuran as das áreas de influencia das sete grandes cidades e as comarcas do Salnés, Barbanza e O Morrazo. No outro extremo da lista estaban as comarcas da Baixa Limia e Caldelas, sedes de só 25 empresas da mostra.

Os concellos de Vigo e a Coruña aportan á mostra o 17% de empresas, o 33% do emprego e o 37% do valor engadido

Nas seguintes posicións da clasificación por contribución ó valor engadido global están, por esta orde, os concellos de Arteixo, Santiago, Pontevedra, Lugo, O Porriño, Ferrol e Mos.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es